PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

I.E.S. XULIÁN MAGARIÑOS

Negreira

curso 2018-19

Aprobada nos seus aspectos docentes no claustro do 25/10/2018

Presentada para a súa avaliación no consello escolar do 30/10/2018

Enviada á inspección en prazo

ÍNDICE

CAPÍTULO I....3
DOCUMENTO 1. PLAN XERAL ANUAL....3
DESENVOLVEMENTO DA PXA CURSO 2018-2019....3
DOCUMENTO 2: HORARIO XERAL DO CENTRO....18
DOCUMENTO 3. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS....19
DOCUMENTO 4. DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS....19
CAPÍTULO II....20
DOCUMENTO 5. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DE CENTRO (DOC)....20
DOCUMENTO 6. DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS....20
ANEXO: PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE....20
ANEXOS: PEC, PLAN DE CONVIVENCIA....20
CAPÍTULO III (15 DE NOVEMBRO)....21
DOCUMENTO 7. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS....21
ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA....21
DOCUMENTO 9. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO....21
DOCUMENTO 10. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO....21
CAPÍTULO IV (FEBREIRO)....22

CAPÍTULO I

DOCUMENTO 1. PLAN XERAL ANUAL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, LIÑAS DE ACCIÓN E TEMPORALIZACIÓN

DESENVOLVEMENTO DA PXA CURSO 2018-2019										
ACCIÓN	1º TRIMESTRE				2º TRIMESTRE			3º TRIMESTRE		
1. Continuar desenvolvendo programas educativos como o contrato-programa que permitan a realización de desdobres, reforzos etc, para facilitar á atención á diversidade en tódolos cursos de ESO										
2. Apoiar ao profesorado na elaboración de plans e programas de excelencia educativa en distintos ámbitos (tecnoloxías, linguas etc) que permitan mellorar as competencias académicas do noso alumnado										
3. Propiciar que a biblioteca estea aberta durante todo o período lectivo, facilitando as gardas nos horarios do profesorado										
4. Evitar no posible a utilización da biblioteca como substitutivo da Aula de Convivencia, habilitando espazos para a atención de alumnado que debe recibir correccións educativas										

DESENVOLVEMENTO DA PXA CURSO 2018-2019										
ACCIÓN	1º TRIMESTRE				2º TRIMESTRE			3º TRIMESTRE		
5. Adaptación das bases de datos da biblioteca de forma transitoria para facilitar a súa posible migración futura a un entorno KOHA										
6. Iniciar a elaboración dun plan integrado das linguas, cos departamentos de galego e castelán										
7. Manter o programa de Seccións Bilingües nos cursos de 3º e 4º de ESO na materia de Xeografía e Historia										
8. Facilitar o traballo do asistente de conversa no noso centro e a súa coordinación co colexio de primaria										
9. Apoiar o desenvolvemento de proxectos encamiñados á creación dunha liña de traballo sobre innovación tecnolóxica										
10. Realizar campañas de difusión sobre a importancia da muller na ciencia e na tecnoloxía										
11. Aplicar o protocolo de actividades extraescolares para regular o número e a temporalización destas ao longo do curso, permitindo a súa coordinación entre departamentos										

DESENVOLVEMENTO DA PXA CURSO 2018-2019										
ACCIÓN	1º TRIMESTRE				2º TRIMESTRE			3º TRIMESTRE		
12. Realizar un diagnóstico das necesidades formativas do profesorado e facilitar a creación de grupos de traballo para dar resposta ás necesidades formativas detectada										
13. Manter ou incrementar, se é posible, as liñas de formación actualmente existentes no centro										
14. Continuar co apoio ao Departamento de Informática no seu labor de mantemento dos equipos do centro nos seus horarios de garda										
15. Nomear ao vicedirector do centro como persoa responsable da páxina web para que a manteña actualizada e sexa un medio de dar a coñecer as actividades do centro e de información para as familias										
16. Informar sobre a aplicación Abalar Móbil ao profesorado e ás familias para facilitar a comunicación de toda a comunidade educativa										
17. Actualizar as NOF para adecualas ás necesidades reais do centro de forma que inclúan por exemplo medidas correctoras de comportamentos sexistas										

DESENVOLVEMENTO DA PXA CURSO 2018-2019										
ACCIÓN	1º TRIMESTRE				2º TRIMESTRE			3º TRIMESTRE		
18. Manter o servizo de Mediación e as actividades de titoría entre iguais como fórmula para a participación do alumnado na resolución pacífica de conflitos										
19. Manter o programa de acollida do novo alumnado fomentando a comunicación e o intercambio de información co profesorado do CEIP O Coto										
20. Fomentar accións de formación para toda a comunidade educativa (profesorado, familias e alumnado) en temas sensibles para a convivencia										
21. Favorecer a integración do novo profesorado (tanto o que ven para todo o curso como interinos e substitutos) mellorando o protocolo de acollida por medio dun dossier de información básica										
22. Dar a coñecer as funcións dos delegados e delegadas de curso a todo o alumnado e mellorar e fomentar o funcionamento da Xunta de Delegadas e Delegados como canle entre o alumnado e o resto da comunidade escolar										

DESENVOLVEMENTO DA PXA CURSO 2018-2019										
ACCIÓN	1º TRIMESTRE				2º TRIMESTRE			3º TRIMESTRE		
23. Favorecer a participación do alumnado no Consello Escolar de cara á renovación parcial que se producirá este curso										
24. Actualizar o Proxecto Educativo para adaptalo á nova lexislación e aos cambios na realidade educativa, incluído a revisión do plan de convivencia e do plan de atención á diversidade										
25. Potenciar a partici-pación das familias no Consello Escolar de cara á renova-ción parcial que se producirá este curso										
26. Continuar a colaboración coa ANPA na organización dos recreos lúdicos, as actividades extraescolares e diversas intervencións nas titorías										
27. Informar á ANPA a principio de curso da situación do centro e dos cambios en relación con cursos anteriores										
28. Manter reunións informativas co/a orientador/a do CEIP O Coto e cos titores do último curso de primaria										
29. Ofrecer unha xornada de portas abertas ao alumnado de 4º ESO do CPI da Baña para que coñezan e valoren a oferta educativa do noso centro										

DESENVOLVEMENTO DA PXA CURSO 2018-2019										
ACCIÓN	1º TRIMESTRE				2º TRIMESTRE			3º TRIMESTRE		
30. Manter a colaboración co Concello de Negreira para o uso do edificio do IES na realización de actividades extraescolares										
31. Colaborar co Concello naquelas actividades culturais que organice e que sexan de interese para o noso alumnado										
32. Manter reunións cos servizos sociais do Concello: asistenta social, educadores familiares, traballadora social,…para solucionar aquelas situacións que así o requiran.										
33. Manter un contacto preferente coas empresas da comarca á hora de organizar as prácticas FCT dos ciclos formativos										
34. Conseguir un aumento da eficiencia enerxética do centro , implicando a toda a comunidade educativa, especialmente ao alumnado, nas medidas de aforro enerxético e reciclaxe por medio de diversas campañas de concienciación										
35. Mellorar o aspecto da cafetería, dotándoa dun mobiliario diferente ao das aulas										

ACCIÓNS A REALIZAR.

No curso actual increméntase, tal vez de forma excesivamente optimista, o número de accións a realizar, vinculándose todas ellas ás liñas prioritarias trazadas no proxecto de

dirección cuxa posta en práctica iniciamos. Algunhas delas buscan a continuidade con accións proxectadas xa polo equipo directivo anterior, e todas teñen en conta as propostas dos diferentes sectores da comunidade educativa.

Acción 1	Continuar desenvolvendo programas educativos como o contrato-programa que permitan a realización de desdobres, reforzos etc, para facilitar á atención á diversidade en tódolos cursos de ESO
Obxectivos relacionados	Potenciar a calidade da ensinanza e a mellora do rendemento académico do alumnado, reducindo o fracaso escolar e favorecendo a igualdade de oportunidades no acceso á educación
Xustificación	A experiencia dos últimos anos indica que unha disminución de ratio nos cursos con elevado nivel de necesidades académicas mellora os resultados e a convivencia na aula.
Temporalización	Primeiro trimestre
Persoas responsables	Director, Xefe de Estudos, Departamento de Orientación, departamentos didácticos implicados.
Recursos previstos	Profesorado dos departamentos implicados. Orzamentos do Contrato-programa
Observacións	

Acción 2	Apoiar ao profesorado na elaboración de plans e programas de excelencia educativa en distintos ámbitos (tecnoloxías, linguas etc) que permitan mellorar as competencias académicas do noso alumnado
Obxectivos relacionados	Potenciar a calidade da ensinanza e a mellora do rendemento académico do alumnado, reducindo o fracaso escolar e favorecendo a igualdade de oportunidades no acceso á educación
Xustificación	A atención á diversidade debe prestar tamén atención á excelencia educativa, tentando que o alumnado poda desenvolver ao máximo as súas capacidades
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Equipo directivo, departamentos didácticos implicados.
Recursos previstos	Profesorado dos departamentos implicados. Orzamentos do Contrato-programa
Observacións	

Acción 3	Propiciar que a biblioteca estea aberta durante todo o período lectivo, facilitando as gardas nos horarios do profesorado
Obxectivos relacionados	Seguir potenciando a biblioteca como lugar de especial referencia educativa no centro
Xustificación	É preciso facilitar o traballo dun grupo de profesores e profesoras dispostos a colaborar na dinamización da biblioteca
Temporalización	Inicio de curso
Persoas responsables	Xefatura de estudos
Recursos previstos	Equipo de Biblioteca Espazo da Biblioteca
Observacións	

Acción 4	Evitar no posible a utilización da biblioteca como substitutivo da Aula de Convivencia, habilitando espazos para a atención de alumnado que debe recibir correccións educativas
Obxectivos relacionados	Seguir potenciando a biblioteca como lugar de especial referencia educativa no centro
Xustificación	Evitar a identificación da biblioteca cun lugar onde se imparten correccións educativas e tentar asociala cunha idea positiva e lúdica da aprendizaxe
Temporalización	Mes de setembro
Persoas responsables	Equipo directivo
Recursos previstos	Outros espazos do centro, NOF actualizadas
Observacións	

Acción 5	Adaptación das bases de datos da biblioteca de forma transitoria para facilitar a súa posible migración futura a un entorno KOHA
Obxectivos relacionados	Seguir potenciando a biblioteca como lugar de especial referencia educativa no centro
Xustificación	O centro optou no seu momento por un sistema propio de catalogación e préstamo, máis eficaz que o Meiga, pero que precisa unha actualización de cara a unha posible adaptación a KOHA de todas as bibliotecas escolares de Galicia
Temporalización	Primeiro trimestre
Persoas responsables	Equipo de Biblioteca
Recursos previstos	Espazo da Biblioteca; ordenadores da Biblioteca; espazo virtual do centro.
Observacións	

Acción 6	Iniciar a elaboración dun plan integrado das linguas, cos departamentos de galego e castelán
Obxectivos relacionados	Acadar un maior dominio, por parte de toda a comunidade, das dúas linguas oficiais e promover o uso normal da lingua propia evitando os prexuízos e as actitudes diglósicas
Xustificación	Necesidade de acometer a redacción dun Plan Integrado das Linguas dacordo coa lexislación vixente aproveitando o plan de formación do profesorado.
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Xefatura de Estudos Coordinadora de Formación do Centro Xefas dos Departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá
Recursos previstos	Profesorado dos departamentos implicados. Recursos de docencia e organización aportados polo CAFI
Observacións	

Acción 7	Manter o programa de Seccións Bilingües nos cursos de 3º e 4º de ESO na materia de Xeografía e Historia
Obxectivos relacionados	Mellorar a competencia nas linguas estranxeiras, continuando coa oferta de lingua inglesa, francesa e portuguesa
Xustificación	Trátase dun programa de gran éxito entre o alumnado, presente no centro desde o curso 2012/13
Temporalización	Mes de setembro
Persoas responsables	Coordinadora da sección bilingüe. Profesora CLIL
Recursos previstos	Orzamentos concedidos pola Consellería de Educación.
Observacións	

Acción 8	Facilitar o traballo do asistente de conversa no noso centro e a súa coordinación co colexio de primaria
Obxectivos relacionados	Mellorar a competencia nas linguas estranxeiras, continuando coa oferta de lingua inglesa, francesa e portuguesa
Xustificación	Necesidade de coordinar os horarios entre o colexio de primaria e o IES ao compartir, por primeira vez, o asistente lingüístico
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Coordinadora da sección bilingüe. Profesora CLIL Profesorado do Coto
Recursos previstos	Auxiliar lingüístico dotado pola Consellería
Observacións	

Acción 9	Apoiar o desenvolvemento de proxectos encamiñados á creación dunha liña de traballo sobre innovación tecnolóxica
Obxectivos relacionados	Mellorar no noso alumnado, e de forma especial nas alumnas, a competencia científico-matemática
Xustificación	Necesidade de reforzar o interesse polas materias científicas e tecnolóxicas

Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Equipo Directivo Departamentos didácticos
Recursos previstos	Profesorado das ramas tecnolóxicas e científicas. Talleres do centro. Aulas de informática.
Observacións	

Acción 10	Realizar campañas de difusión sobre a importancia da muller na ciencia e na tecnoloxía
Obxectivos relacionados	Mellorar no noso alumnado, e de forma especial nas alumnas, a competencia científico-matemática
Xustificación	Necesidade de romper a tradicional dicotomía entre estudios humanísticos/mulleres e estudios científicos e tecnolóxicos/homes
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Equipo Directivo Departamentos didácticos
Recursos previstos	Profesorado das ramas tecnolóxicas e científicas. Talleres do centro. Aulas de informática.
Observacións	

Acción 11	Aplicar o protocolo de actividades extraescolares para regular o número e a temporalización destas ao longo do curso, permitindo a súa coordinación entre departamentos
Obxectivos relacionados	Apoiar a realización de actividades extraescolares que contribúan ao desenvolvemento integral do alumnado
Xustificación	Demanda do profesorado expresada durante os últimos anos da necesidade de regular estas actividades para que se integren de forma coordinada na vida do centro
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Vicedirección Departamentos docentes
Recursos previstos	Protocolo aprobado polo claustro
Observacións	

Acción 12	Realizar un diagnóstico das necesidades formativas do profesorado e facilitar a creación de grupos de traballo para dar resposta ás necesidades formativas detectada
Obxectivos relacionados	Impulsar a formación do profesorado especialmente no propio centro
Xustificación	Continuar co plan de formación en centros iniciado en cursos anteriores, incorporando novas liñas que respondan as necesidades actuais
Temporalización	Meses de setembro e outubro
Persoas responsables	Equipo directivo. Coordidadora de formación no centro
Recursos previstos	Plan de Formación do Profesorado elaborado polo CAFI
Observacións	

Acción 13	Manter ou incrementar, se é posible, as liñas de formación actualmente existentes no centro
Obxectivos relacionados	Impulsar a formación do profesorado especialmente no propio centro
Xustificación	Continuar co plan de formación en centros iniciado en cursos anteriores, incorporando novas liñas que respondan as necesidades actuais
Temporalización	Cursos 2018/19 e 2019/20, ao tratarse dun plan bianual
Persoas responsables	Equipo directivo Coordinadora de formación no centro Coordinadores dos itinerarios (tres).

Recursos previstos	Orzamentos concedidos pola Consellería de Educación.
Observacións	

Acción 14	Continuar co apoio ao Departamento de Informática no seu labor de mantemento dos equipos do centro nos seus horarios de garda
Obxectivos relacionados	Impulsar e apoiar o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso educativo, tendo como referencia o traballo colaborativo e o software libre
Xustificación	Trátase dunha labor desenvolvida en cursos anteriores con excelentes resultados
Temporalización	Todo o curso.
Persoas responsables	Equipo Directivo Departamento de Informática
Recursos previstos	Profesorado de Informática, horarios, DOC, material informático do centro, taller de informática
Observacións	

Acción 15	Nomear ao vicedirector do centro como persoa responsable da páxina web para que a manteña actualizada e sexa un medio de dar a coñecer as actividades do centro e de información para as familias
Obxectivos relacionados	Impulsar e apoiar o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso educativo, tendo como referencia o traballo colaborativo e o software libre Favorecer a participación e implicación das familias na dinámica do centro, e como consecuencia na educación dos seus fillos e fillas, mellorando o seu grao de satisfacción
Xustificación	Búscase facilitarlles ás familias o coñecemento do funcionamento do centro e a súa normativa, mediante o uso da páxina web e a información aportada polos titores.
Temporalización	Todo o curso.
Persoas responsables	Equipo directivo. Profesor responsable da páxina web (vicedirector).
Recursos previstos	Páxina web do centro
Observacións	

Acción 16	Informar sobre a aplicación Abalar Móbil ao profesorado e ás familias para facilitar a comunicación de toda a comunidade educativa
Obxectivos relacionados	Favorecer a participación e implicación das familias na dinámica do centro, e como consecuencia na educación dos seus fillos e fillas, mellorando o seu grao de satisfacción
Xustificación	Axilizar a comunicación coas familias en relación á actividade escolar dos seus fillos e fillas por medio dun sistema propio da consellería que non supón desembolso económico
Temporalización	Primeiro trimestre
Persoas responsables	Equipo directivo.
Recursos previstos	Espazo abalar. Asesor abalar de zona.
Observacións	Substituirase a aplicación de pago Tokk App que non chegou a ser de utilidade efectiva

Acción 17	Actualizar as NOF para adecualas ás necesidades reais do centro de forma que inclúan por exemplo medidas correctoras de comportamentos sexistas
Obxectivos relacionados	Manter e mellorar a convivencia no centro e lograr un ambiente agradable onde prime o diálogo, a tolerancia, o respecto e o consenso Eliminar as desigualdades entre alumnas e alumnos sustentadas en crenzas, prexuízos ou tradicións; así como non admitir ningunha forma de machismo e misoxinia que puidera existir no seo da comunidade escolar
Xustificación	Adaptar ás NOF a lexislación vixente. Eliminar comportamentos e actitudes

	sexistas
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Equipo directivo
Recursos previstos	Lexislación vixente.
Observacións	

Acción 18	Manter o servizo de Mediación e as actividades de titoría entre iguais como fórmula para a participación do alumnado na resolución pacífica de conflitos
Obxectivos relacionados	Manter e mellorar a convivencia no centro e lograr un ambiente agradable onde prime o diálogo, a tolerancia, o respecto e o consenso Eliminar as desigualdades entre alumnas e alumnos sustentadas en crenzas, prexuízos ou tradicións; así como non admitir ningunha forma de machismo e misoxinia que puidera existir no seo da comunidade escolar
Xustificación	Trátase dunhas actividades que levan demostrado durante varios cursos a súa eficacia para reducir a conflitividade no centro
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Departamento de Orientación Coordinadora de Mediación Titores dos cursos
Recursos previstos	Espazos do centro Orzamentos obtidos a partir do contrato programa
Observacións	

Acción 19	Manter o programa de acollida do novo alumnado fomentando a comunicación e o intercambio de información co profesorado do CEIP O Coto
Obxectivos relacionados	Potenciar as relacións co centro adscrito (CEIP O Coto) e co CPI San Vicente da Baña para facilitar a integración do alumnado que se incorpora ao IES por primeira vez
Xustificación	Integración de alumnado que se incorporará por primeira vez ao centro.
Temporalización	Mes de xuño
Persoas responsables	Directora e departamento de orientación.
Recursos previstos	Salón de Actos;xefa do departamento de orientación
Observacións	

Acción 20	Fomentar accións de formación para toda a comunidade educativa (profesorado, familias e alumnado) en temas sensibles para a convivencia
Obxectivos relacionados	Mellorar a convivencia no centro e lograr un ambiente agradable onde prime o diálogo, a tolerancia, o respecto e o consenso.
Xustificación	A realización o curso pasado de actividades deste tipo para toda a comunidade tiveron unha boa acollida, habendo unha demanda das familias neste sentido.
Temporalización	2º e 3º trimestres.
Persoas responsables	ANPA, equipo directivo, departamento de orientación.
Recursos previstos	Instalacións do centro; recursos económicos da ANPA
Observacións	

Acción 21	Favorecer a integración do novo profesorado (tanto o que ven para todo o curso como interinos e substitutos) mellorando o protocolo de acollida por medio dun dossier de información básica
Obxectivos relacionados	Manter e mellorar a convivencia no centro e lograr un ambiente agradable onde prime o diálogo, a tolerancia, o respecto e o consenso
Xustificación	Necesidade manifestada nos cursos anteriores polo profesorado novo no centro en relación a temas cotiás que están estandarizados (incidencias informáticas, usuarios na sala de profesores, etc)
Temporalización	1º trimestre e durante todo o curso.
Persoas responsables	Equipo directivo

Recursos previstos	Protocolo de acollida
Observacións	

Acción 22	Dar a coñecer as funcións dos delegados e delegadas de curso a todo o alumnado e mellorar e fomentar o funcionamento da Xunta de Delegadas e Delegados como canle entre o alumnado e o resto da comunidade escolar
Obxectivos relacionados	Fomentar a participación do alumnado nos distintos órganos de coordinación do centro educativo
Xustificación	Detección en cursos anteriores da falta de coñecemento do alumnado das canles axeitadas para transmitir as súas inquedanzas
Temporalización	1º trimestre
Persoas responsables	Equipo directivo, departamento de Orientación, titores.
Recursos previstos	Salón de actos, aulas de cada grupo.
Observacións	

Acción 23	Favorecer a participación do alumnado no Consello Escolar de cara á renovación parcial que se producirá este curso
Obxectivos relacionados	Fomentar a participación do alumnado nos distintos órganos de coordinación do centro educativo
Xustificación	Necesidade de renovación parcial do Consello Escolar
Temporalización	1º trimestre
Persoas responsables	Equipo directivo, titores
Recursos previstos	Aulas de cada grupo, asamblea de delegados
Observacións	

Acción 24	Actualizar o Proxecto Educativo para adaptalo á nova lexislación e aos cambios na realidade educativa, incluído a revisión do plan de convivencia e do plan de atención á diversidade
Obxectivos relacionados	Revisar e actualizar os documentos do centro, especialmente o Proxecto Educativo
Xustificación	A documentación leva varios anos sen ser actualizada, habendo varios cambios lexislativos neste tempo
Temporalización	Durante todo o curso.
Persoas responsables	Equipo directivo, Coordinadora de formación do centro
Recursos previstos	Equipo directivo. Recursos de docencia e organización aportados polo CAFI
Observacións	

Acción 25	Potenciar a participación das familias no Consello Escolar de cara á renovación parcial que se producirá este curso
Obxectivos relacionados	Favorecer a participación e implicación das familias na dinámica do centro, e como consecuencia na educación dos seus fillos e fillas, mellorando o seu grao de satisfacción
Xustificación	Necesidade de renovación parcial do Consello Escolar
Temporalización	1º trimestre
Persoas responsables	Equipo directivo
Recursos previstos	Consello Escolar, ANPA.
Observacións	

Acción 26	Continuar a colaboración coa ANPA na organización dos recreos lúdicos, as actividades extraescolares e diversas intervencións nas titorías
Obxectivos relacionados	Procurar traballar dun xeito coordinado mantendo un diálogo constante coa ANPA
Xustificación	A implementación de actividades para o alumnado fóra do horario lectivo repercute na convivencia, na formación do alumnado, na calidade do centro e pode facelo na

	captación de alumnado atraído polos servizos existentes.
Temporalización	1º,2º e 3º trimestre.
Persoas responsables	ANPA, equipo directivo, departamento de orientación.
Recursos previstos	Instalacións do centro; recursos económicos da ANPA ou achegados polas familias participantes nas actividades.
Observacións	Continúase coa iniciativa dende fai varios cursos

Acción 27	Informar á ANPA a principio de curso da situación do centro e dos cambios en relación con cursos anteriores
Obxectivos relacionados	Procurar traballar dun xeito coordinado mantendo un diálogo constante coa ANPA
Xustificación	A relación fluída coa ANPA favorece a integración das familias na vida diaria do centro e mellora a percepción do mesmo por parte do alumnado
Temporalización	Mes de outubro
Persoas responsables	ANPA, directora
Recursos previstos	Reunión da ANPA en locais do concello
Observacións	A petición da ANPA, continúase coa iniciativa dende hai varios cursos

Acción 28	Manter reunións informativas co/a orientador/a do CEIP O Coto e cos titores do último curso de primaria
Obxectivos relacionados	Potenciar as relacións co centro adscrito (CEIP O Coto) e co CPI San Vicente da Baña para facilitar a integración do alumnado que se incorpora ao IES por primeira vez
Xustificación	É necesario aportar ao profesorado de 1º ESO información relevante sobre o alumnado que se incorpora ao centro, así como crear agrupamentos axeitados en base a estas informacións previas
Temporalización	Terceiro trimestre
Persoas responsables	Orientadora do centro
Recursos previstos	Persoas responsables do departamento de orientación do IES e do colexio de primaria, titores de primaria
Observacións	

Acción 29	Ofrecer unha xornada de portas abertas ao alumnado de 4º ESO do CPI da Baña para que coñezan e valoren a oferta educativa do noso centro
Obxectivos relacionados	Potenciar as relacións co centro adscrito (CEIP O Coto) e co CPI San Vicente da Baña para facilitar a integración do alumnado que se incorpora ao IES por primeira vez
Xustificación	Dar a coñecer a oferta do centro ao alumnado da Baña; captación de alumnado.
Temporalización	Mes de xuño
Persoas responsables	Equipo directivo e departamento de orientación.
Recursos previstos	Salón de actos, xefa departamento de orientación. Instalacións do IES
Observacións	

Acción 30	Manter a colaboración co Concello de Negreira para o uso do edificio do IES na realización de actividades extraescolares
Obxectivos relacionados	Cooperar coa administración educativa e co Concello de Negreira na planificación e desenvolvemento da labor educativa
Xustificación	A apertura do centro á comunidade educativa fóra do horario lectivo redunda nunha percepción positiva do mesmo por parte da veciñanza e fai do IES un punto de referencia na comarca.
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Directora, concello de Negreira.
Recursos previstos	Instalacións do IES (aulas, pavillón e ximnasio especialmente); conserxes do centro; monitores e equipamento deportivo aportados polo Concello de Negreira.

Observacións	Esta cooperación leva desenvolvéndose varios anos e ten entre outras contrapartidas o coidado das zonas verdes por parte de persoal do Concello

Acción 31	Colaborar co Concello naquelas actividades culturais que organice e que sexan de interese para o noso alumnado
Obxectivos relacionados	Cooperar coa administración educativa e co Concello de Negreira na planificación e desenvolvemento da labor educativa
Xustificación	O alumnado do centro vese beneficiado de diversos actos culturais que os recursos do instituto non permitirían por si mesmos
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Vicedirector, concello de Negreira
Recursos previstos	Instalacións do concello ou do IES
Observacións	

Acción 32	Manter reunións cos servizos sociais do Concello: asistenta social, educadores familiares, traballadora social,…para solucionar aquelas situacións que así o requiran.
Obxectivos relacionados	Cooperar coa administración educativa e co Concello de Negreira na planificación e desenvolvemento da labor educativa
Xustificación	Aproveitamento de recursos externos ao centro para a atención do alumnado con necesidades específicas.
Temporalización	Todo o curso.
Persoas responsables	Dirección e xefa do departamento de orientación.
Recursos previstos	Instalacións do centro; recursos achegados por Servizos Sociais, Concello de Negreira, Cruz Vermella, etc.
Observacións	Plan posto en marcha hai uns anos, con moi bos resultados en xeral.

Acción 33	Manter un contacto preferente coas empresas da comarca á hora de organizar as prácticas FCT dos ciclos formativos
Obxectivos relacionados	Cooperar co tecido empresarial da comarca barcalesa para mellorar a inserción do centro na contorna
Xustificación	Posibilidade de que o alumnado dos ciclos formativas poida realizar a súa formación práctica en empresas da contorna, nas que mesmo pode conseguir o seu primeiro emprego
Temporalización	Todo o curso, especialmente terceiro trimestre
Persoas responsables	Coordinador FCT, equipo directivo
Recursos previstos	Empresas da comarca, coordinador FCT.
Observacións	

Acción 34	Conseguir un aumento da eficiencia enerxética do centro , implicando a toda a comunidade educativa, especialmente ao alumnado, nas medidas de aforro enerxético e reciclaxe por medio de diversas campañas de concienciación
Obxectivos relacionados	Mellorar as infraestruturas, recursos e instalacións do centro
Xustificación	O gasto en subministros enerxéticos e outros (fundamentalmente luz e gasoil) é moi elevado; no caso do alumeado, pode haber vías para reducir este consumo.
Temporalización	Ao longo de todo o curso
Persoas responsables	Equipo Directivo.
Recursos previstos	Informe da situación de partida elaborado o curso pasado. Recursos económicos aportados pola Consellería ou a Xefatura Territorial. Ideas da comunidade educativa
Observacións	

Acción 35	Mellorar o aspecto da cafetería, dotándoa dun mobiliario diferente ao das aulas

Obxectivos relacionados	Mellorar no posible o funcionamento da cafetería do centro, resaltando a súa importancia educativa no desenvolvemento de valores no alumnado e no fomento das relacións entre o profesorado
Xustificación	A cafetería conta cun mobiliario composto por cadeiras e mesas das aulas, moitas delas xa bastante deterioradas, o que non contribúe a facer dela un espazo agradable para o ocio.
Temporalización	Primeiro trimestre
Persoas responsables	Equipo Directivo, responsable da cafetería
Recursos previstos	Pintura e mobiliario pagados polo IES.
Observacións	

DOCUMENTO 2: HORARIO XERAL DO CENTRO

II. HORARIO XERAL DO INSTITUTO.

O Centro permanece aberto de luns a venres, dende as 08:40 ata as 14:30 pola mañá, e dende as 16:15 ata as 22:00 as tardes. Ao remate das actividades lectivas haberá clases da EOI, Sección Negreira, e tamén actividades extraescolares concertadas co concello e coa ANPA.

Abriranse as portas para o alumnado do centro 5 minutos antes na primeira hora da mañá e da tarde e pecharase o centro 5 minutos despois da última hora.

As oficinas do Centro terán como horario de atención ó público de 10:00 ás 13:00.

Horario de verán
Durante o mes de xullo o Centro permanece aberto de luns a venres dende as 09:00 ata as 14:30 pola mañá.

Criterios pedagóxicos para a confección do horario lectivo:

O Decreto 324/96, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, cita como competencia do claustro aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos/as (Art. 47-f).

Compre acordar estes criterios tendo presente o establecido na Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 se setembro), pola que se dictan instruccións para o desenvolvemento do Decreto anterior. Nela sinálanse, no capítulo III (Artigos.do 70 ó 94), os seguintes criterios para a distribución dos grupos nos departamentos e a confección dos horarios:

Horario do alumnado:

- Cada período lectivo terá unha duración mínima de 50 minutos.
- Non se poderá asignar a unha área ou materia máis dun período lectivo diario, agás aquelas nas que se requira unha carga importante de actividades manipulativas (tecnoloxía, plástica, materias de iniciación profesional, módulos da FP específica, etc.)
- Non deberá haber horas libres intermedias no horario lectivo de cada grupo.
- A distribución das materias en cada xornada e ao longo da semana realizarase atendendo a razóns pedagóxicas.
- Para grupos de máis de 25 alumnos en ciencias, física, química, bioloxía e xeoloxía, poderase desdobrar unha hora á semana para prácticas de laboratorio.

Horario do profesorado:

- Deberá incluír os períodos lectivos e as horas complementarias fixas (titoría alumnos, titoría pais, reunión de departamento e as gardas).
- Como norma xeral un profesor non poderá impartir máis dunha disciplina afín.
- A permanencia no instituto non poderá ser inferior a 3 horas diarias.

- Os períodos lectivos diarios serán dun mínimo de 2 e un máximo de 5, agás na FP específica, que pode chegar a 6.
- Os profesores especialistas non poderán elixir cursos inferiores, se quedasen os superiores para profesores de afíns ou para profesores interinos.
- Ningún profesor poderá elixir horario de disciplinas afíns mentres non estean cubertas tódalas horas do seu departamento.
- Os mestres terán prioridade para impartir docencia no 1º ciclo da ESO.

Horario lectivo do Centro:

Cada período lectivo terá unha duración de 50 minutos e distribuirase de luns a venres en 6 períodos lectivos pola mañá (dende as 08:45 ás 14:25) e outros 3 o martes pola tarde (dende as 16:20 ata as 18:50). Pola mañá programaranse dous descansos de vinte minutos cada un.

As clases daquelas disciplinas que teñan asignadas dúas ou tres horas por semana procuraranse distribuílas en días non inmediatamente sucesivos, agás aquelas nas que se requira unha carga importante de actividades manipulativas (tecnoloxía, plástica, materias de iniciación profesional, módulos da FP específica, etc.), que poderán agruparse en máis dun período lectivo diario.

Aspectos destacables:

- Tódolos cursos teñen clase pola mañá e a tarde dos martes.
- Respectouse ao máximo posible a elección das optativas de 4º de ESO, 1º e 2º de BACH.
- Están cubertas todas as gardas de corredor e de recreo.
- Están cubertas todas as gardas de biblioteca que permite o profesorado dispoñible para realizalas.
- Están cubertas todas as gardas nos recreos (de corredor, patio e biblioteca).
- Están cubertas todas as gardas de transporte
- Asignouse unha hora a semana para prácticas de laboratorio de física e química e outra para bioloxía.

DOCUMENTO 3. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro conta con 10 liñas de transporte escolar, que trasladan aproximadamente 100 estudantes e que son cubertas no momento actual por tres empresas diferentes. Todos os datos do transporte escolar foron enviadas á Xefatura Territorial. (Disponse dunha copia na Secretaría do Centro)

DOCUMENTO 4. DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS

Figuran no Documento de Recollida de Datos (DRD) e no Documento de Organización do Centro (DOC).

CAPÍTULO II.

DOCUMENTO 5. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DE CENTRO (DOC)

Os datos están no XADE

DOCUMENTO 6. DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS

Figuran no Documento de Recollida de Datos (DRD) e no Documento de Organización do Centro (DOC).

ANEXO: PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

O Centro conta co seguinte persoal non docente:

Un auxiliar administrativo, en horario de 7:45 a 15:15

Dúas conserxes, unha de mañá e outra de tarde, en horario de 7:45 a 15:15 e 14:30 a 22.

Tres empregados/as no persoal de limpeza en horario de 14 a 21:30

Un auxiliar de conversa americano compartido co CEIP O Coto que colabora co departamento de inglés e coas Seccións Bilingües 12 horas cada dúas semanas.

ANEXOS: PEC, PLAN DE CONVIVENCIA.

Mantéñense os do curso anterior, en tanto se procede durante o curso actual á súa revisión.

Negreira, 31 de outubro de 2018

A directora

Asdo. Clara C. Rodríguez Núñez